

EXPEDIENTE Nº: 2/2015 – ENTIDADE LOCAL: “SUBMINISTRACIÓN DE CARBURANTES, EN ESTACIÓN DE SERVIZO, PARA OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL E MAQUINARIA MUNICIPAL”.

ASUNTO: DELEGACIÓN SECRETARIO/A DA MESA DE CONTRATACIÓN

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Á vista do escrito presentado por Celestino Otero Camiña, secretario da Mesa de Contratación da: “SUBMINISTRACIÓN DE CARBURANTES, EN ESTACIÓN DE SERVIZO, PARA OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL E MAQUINARIA MUNICIPAL”, de data 23 de marzo de 2015, na que se da conta que está incurso en causa de abstención como membro desta Mesa, **esta alcaldía resolve:**

Nomear a Dona Teresa Amado Moldes, en substitución de Don Celestino Otero Camiña, **como Secretaria da Mesa** de contratación da “SUBMINISTRACIÓN DE CARBURANTES, EN ESTACIÓN DE SERVIZO, PARA OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL E MAQUINARIA MUNICIPAL”.

Dada en Sanxenxo o vinte e catro de marzo de dous mil quince.

A alcaldesa



Catalina González Bea

ante mín, secretario xeral



Ángel Luis López Pita

EXPEDIENTE Nº: 2/2015 – ENTIDADE LOCAL: “SUBMINISTRACIÓN DE CARBURANTES, EN ESTACIÓN DE SERVIZO, PARA OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL E MAQUINARIA MUNICIPAL”.

ASUNTO: RESOLUCIÓN APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E SUCESIVA TRAMITACIÓN, APROBACIÓN DO GASTO E DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

“SUBMINISTRACIÓN DE CARBURANTES, EN ESTACIÓN DE SERVIZO, PARA OS VEHÍCULOS DO PARQUE MÓBIL E MAQUINARIA MUNICIPAL”: Dada conta do expediente para a contratación da subministración enunciada e vistos os Informes emitidos pola Secretaría Municipal de data 24/02/2015 e pola Intervención Municipal de data 27/02/2015, esta alcaldía **resolve:**

Primeiro: Aprobar o devandito expediente de contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración. A tramitación é ordinaria e o orzamento máximo de licitación con IVE é de 226.666,61 €, pola duración máximo do contrato. Anualmente o orzamento máximo de licitación é de 85.000,00 Euros (IVE engadido)

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de febreiro de 2015, que consta de 11 cláusulas e 1 Anexo e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 23/02/2014, que consta de 28 cláusulas e 5 anexos.

Terceiro: Continuar a tramitación sucesiva do expediente coa publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), Diario Oficial de Galicia (DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, www.sanxenxo.es.

Cuarto: Aprobar o gasto, con cargo ás partidas presupostarias 13201/22103, 13300/22103, 13401/22103, 13601/22103, 16500/22103, 17001/22103, 17002/22103, 17101/22103, 17201/22103, 45301/22103, 92001/22103 do presuposto do ente público separado “Entidade Local” do Concello de Sanxenxo, por un importe máximo de licitación de 56.666,62 € IVE engadido, correspondente ao período comprendido entre o 01/05/2015 e o 31/12/2015.

Quinto: Dando cumprimento ao disposto no Real Decreto Lexislativo 3/11 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, designar aos seguintes membros para constituír a Mesa de Contratación deste procedemento:

- Presidenta: A Sr. alcaldesa do Concello, Dona Catalina González Bea.
- Secretario: O funcionario do Concello Don Celestino Otero Camiña.
- Vocais:
 - o O Interventor Xeral, Don José Juan Vidal Vilanova
 - o O Secretario Xeral, Don Ángel L. López Pita
 - o O Concelleiro, Don Marcos Guisasola Padín
 - o O Concelleiro, Don Salvador Durán Bermúdez

Dada en Sanxenxo o dous de marzo de dous mil quince.

A alcaldesa



Catalina González Bea

ante min, o secretario xeral



Ángel Luis López Pita